



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José María Torviso Martínez, con DNI 76558574SI, solicita de Augas de Galicia autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.45793

As obras solicitadas consisten na construción dun galpón na parcela nº 10519 do pol 2 (zona 13) do catastro na zona de policía dun rego innominado no lugar de As Penaldas da parroquia de Vilaframil do concello de Ribadeo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Ribadeo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 04 de agosto de 2014.- A xefa do servizo territorial, P.A., Beatriz Cobelas Martínez

R. 3277

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

NEGOCIADO DE ACTAS

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación do 2014, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	23.412.461,93		23.412.461,93
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	21.638.285,02	87.000,00	21.725.285,02
III. GTOS. FINANCEIROS	337.063,22		337.063,22
IV. TRANS.CORRENTES	20.454.418,89	3.244.697,48	23.699.116,37
VI. INVESTIMENTOS REAIS	43.213.167,37	1.531.807,00	44.744.974,37
VII. TRANS.CAPITAL	10.508.974,53	5.137.102,52	15.646.077,05
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00		300.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	10.262.988,40		10.262.988,40
TOTAL	130.127.359,36	10.000.607,00	140.127.966,36

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.076.617,72		5.076.617,72
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.761.697,24		3.761.697,24
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.503.226,00		6.503.226,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	67.283.204,73		67.283.204,73
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	785.000,00		785.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	20.000,00		20.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	12.550.860,30		12.550.860,30
8. ACTIVOS FINANCEIROS	34.146.753,37	10.000.607,00	44.147.360,37
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00		0,00
TOTAL	130.127.359,36	10.000.607,00	140.127.966,36

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte e sete de agosto de dous mil catorce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3303

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS POR GASTOS DE GARDERÍA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2013 A 31 DE AGOSTO DE 2014

De acordo cos artigos 59 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral e do 56 do Acordo Marco Único para Persoal Funcionario da Excm. Deputación Provincial de Lugo, publicados no BOP en datas 30/08/1990 e 31/01/1991, respectivamente, convócase o seguinte concurso para a adxudicación de axudas por gastos derivados da estancia en garderías dos fillos ou orfos dos empregados públicos da Excm. Deputación Provincial, correspondente ao período que vai dende o día 1 de setembro de 2013 ó 31 de agosto de 2014, que se rexerá polas seguintes bases:

Primeira.- axudas para conceder

Concederanse axudas por gastos derivados da estancia en garderías de fillos ou orfos dos empregados públicos da deputación provincial de lugo, incluídos no ámbito de aplicación dos vixentes acordo marco único para persoal funcionario e convenio colectivo único para persoal laboral, sempre que aqueles non estean en idade de escolarización obrigatoria (6 anos) e ata o inicio efectivo desta, salvo minusválidos, aos que non se lles aplicará límite de idade. se o traballador non prestara servizos durante o período que corresponde ao ano escolar, a axuda será proporcional ao tempo traballado.

Segunda.- Período e xustificación

As devanditas axudas concederanse por ano escolar vencido, é decir, desde o 1 de setembro de 2013 ó 31 de agosto de 2014.

Os solicitantes deberán presentar xustificación do gasto ocasionado nos períodos que se sinalan, excluíndo gastos de comida ou transporte.

Terceira.- Presentación de solicitudes

As solicitudes para poder optar a estas axudas presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada da Deputación Provincial, no modelo que se facilitará na antedita unidade ou na Unidade de Admón. de Recursos Humanos desta Entidade, durante o prazo de **DOUS MESES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da Convocatoria do Concurso no Boletín Oficial da Provincia.

Presentarase unha solicitude por cada fillo.

As solicitudes deberán ir acompañadas de:

Xustificación do gasto ocasionado nos termos que se sinalan no apartado anterior.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil catorce, a modificación do Orzamento da Deputación Provincial de 2014, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario, exponse ao público na Secretaría desta Entidad Provincial, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, catro de agosto de dous mil catorce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO EN FUNCIONES, Manuel Castiñeira Castiñeira

R. 3110

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

O Pleno do Concello de Antas de Ulla, en sesión ordinaria que se levou a cabo o día 14 de xullo do 2014, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos para o financiamento de gastos de investimento, na modalidade de crédito extraordinario, co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
342	609	Investimentos novos en infraestruturas destinados a uso xeral: instalacións deportivas, Campo de Fútbol	200.000,00€
155	609	Investimentos novos en infraestruturas destinados a uso xeral: Vías públicas	200.000,00€
		TOTAL GASTOS	400.000,00€

Altas en concepto de ingresos

Concepto	Descrición	Euros
913	PRÉSTAMOS RECIBIDOS A LONGO PRAZO DE ENTES DE FÓRA DO SECTOR PÚBLICO	400.000,00
TOTAL INGRESOS		400.000,00



DON MANUEL ANGEL JOVE LOSADA, Secretario Accidental desta Excma. Deputación Provincial de Lugo,

CERTIFICO: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Proposta de modificación do Orzamento da Deputación Provincial de 2014, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que di o seguinte:

“Dáse lectura á proposta que textualmente di o seguinte:

Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario.

Vistas as propostas de Presidencia e Vicepresidencia primeira así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, e dada a insuficiencia ou a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1550.65009	Vías Públicas, Outros Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	1.100.000,00
1690.46200	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a Concellos	680.000,00
1690.48900	Outros servizos de benestar comunitario, Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro	950.000,00
1690.762	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a Concellos	2.884.500,00

1690.789	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	200.000,00
1720.22706	Protección e mellora do medio ambiente, Estudos e traballos técnicos	15.000,00
1720.622	Protección e mellora do medio ambiente, Investimento novo asdo. ao funcionamento operat. dos serv. en Edificios e outras construcións	250.000,00
2310.762	Acción social, Transferencias de capital a Concellos	46.500,00
2310.789	Acción social, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	70.000,00
2311.48900	Igualdade, Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro	12.000,00
3231.48907	Ensinanzas universitarias, Subvencións C.A. UNED Lugo	19.000,00
3330.625	Museo Provincial, Investimento novo asdo. ao funcionamento operat. dos serv. en Mobiliario	40.000,00
3340.22609	Promoción cultural, Actividades culturais e deportivas	52.000,00
3340.46200	Promoción cultural, Transferencias correntes a Concellos	129.550,00
3340.47900	Promoción cultural, Outras subvencións correntes a Empresas privadas	24.000,00
3340.48900	Promoción cultural, Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro	20.500,00
3340.762	Promoción cultural, Transferencias de capital a Concellos	240.500,00
3340.789	Promoción cultural, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	45.000,00
3341.22799	Servizo de Publicacións, Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	20.000,00
3410.46200	Promoción e fomento do deporte, Transferencias correntes a Concellos	63.450,00
3410.481	Promoción e fomento do deporte, Premios, becas e pens. estudo e invest.	164.000,00
3410.48900	Promoción e fomento do deporte, Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro	402.000,00
3410.762	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de capital a Concellos	1.467.000,00
3410.789	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de capital a familias e instit. sen fins de lucro	110.000,00
4320.46200	Ordenación e promoción turística, Transferencias correntes a Concellos	186.300,00
4320.48900	Ordenación e promoción turística, Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro	7.500,00
TOTAL		9.198.800,00

Crédito Extraordinario Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1610.65009	Saneamento, abastecemento e distribución de augas, Outros Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	50.000,00
3231.48900	Ensinanzas universitarias, Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro	560.000,00



4320.632	Ordenación e promoción turística, Investimento de reposición asda. ao funcionamento operat. dos serv., Edificios e outras construcións	91.807,00
9491.749	Sociedade Urbanística SUPLUSA, Transferencia de capital á Sociedade Urbanística Provincial	100.000,00
TOTAL		801.807,00

Financiamento:


Concepto	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	10.000.607,00

2º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

Efectuada a votación e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; abstencións, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a vinte de agosto de dous mil catorce.

Vº. e Prace
“O PRESIDENTE
P.D. Decreto nº 2228/2012, de 18-07-2012
A VICEPRESIDENTA,
Asdo: Lara Méndez López”






COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

DITAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado *"1.Proposta de modificación do Orzamento da Deputación Provincial de 2014, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario"*, A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D^a. Elena Candia López, D. Tomás Rodríguez Arias e D. José Manuel Yanes Guinzo, representantes do Grupo Provincial Popular, ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 28 de xullo de 2014.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PLENO

Sesión do día 29 JUL 2014

CÚMPRASE:

*O PRESIDENTE
P.D. Decreto nº 2228/2012, de 16-07-2012
A VICEPRESIDENTA.

Asín: Lara Méndez López*

APROBADO:

O SECRETARIO



– Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2014, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario

(Pleno xullo 2014)



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Como ven sendo habitual na gobernanza da Deputación de Lugo, tanto en exercicios precedentes como no actual exercicio económico, a optimización dos recursos existentes preside cada unha das actuacións específicas que se desenvolven; non pode ser doutro xeito nesta coxuntura. Optimizar non quere decir que non se actúe; ao contrario, debe actuarse selectivamente pensando nos destinatarios da asignación de recursos públicos facendo fincapé no nervio do Estado Social.

Nesta coxuntura económica, que estamos a padecer, con maior rigor en determinados grupos e persoas, é obrigado adoptar medidas extraordinarias e urxentes, que non se poden adiar a outros exercicios orzamentarios, co obxectivo de que as funcións propias do ente provincial se presten e executen da mellor forma posible, entre as dispoñibles na estrutura administrativa.

A redución das aportacións económicas ás administracións locais, mesmo as finalistas, procedentes da administración central e autonómica, determinan que sexa máis difícil manter unha constante na cantidade e na calidade dos servizos que se prestan polas mesmas. Ata esta época houbo un incremento paulatino deses servizos. Por primeira vez na democracia, experimentamos esa mingua servicial, inaudita. Os veciños e veciñas de Lugo, son merecentes doutra resposta, na medida das posibilidades da Deputación. É esa xustificación da provisión de medidas extraordinarias e urxentes, postuladas coa modificación crediticia que se tramita.

No que se refire a Deputación de Lugo constatamos e salientamos unha especial inquietude e sensibilidade na máxima colaboración cos concellos da provincia. A colaboración en pé de igualdade cos municipios é razón básica do quefacer do ente provincial; foino en exercicios precedentes e debe selo no futuro. É unha aposta desta presidencia.

Tampouco podemos esquencernos doutra das liñas mestras que teñen presidido a actuación da Deputación, baixo a miña presidencia, isto é, unha especial atención ao benestar comunitario de forma que a asignación e implementación de recursos provinciais cheguen ao maior número de persoas e ao tecido social que artella e dinamiza esta provincia, aplicando regras de eficiencia, pero tamén progresividade no gasto público provincial.

O contexto económico de redución de ingresos nas corporacións locais, incluíndo a propia Deputación, impón, nunha actuación responsable, acometer un esforzo suplementario e con celeridade, na medida das disponibilidades económicas existentes, dotar dos maiores recursos ás aplicacións adicadas á colaboración cos concellos e tamén ao investimento que redunde nas persoas. Con esa finalidade estímase preciso adoptar un conxunto de medidas encamiñadas a realización dunha modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, de xeito que ás aplicacións do presuposto inicialmente aprobado, sexan incrementadas, mediante a utilización de remanentes de crédito existentes en exercicios orzamentarios anteriores. Os fondos previstos inicialmente no orzamento para este exercicio económico vense incrementados nesas partidas, froito do esforzo de xestión e da decisión firme de colaborar, na medida do posible, coa dinamización da actividade económica na nosa provincia que redundará, de xeito seguro, nunha mellora na calidade dos servizos prestados polos Concellos, nunha mellor atención ás persoas e en actuacións concretas que contribuirán a paliar a tremenda situación do desemprego.

As circunstancias expostas fan que as actuacións propostas revistan carácter urxente e non se poda adiar a súa execución a exercicios orzamentarios posteriores. Entendemos que sería irresponsable ter recursos ociosos e sen empregar, mentras se desangran as facendas municipais ou as nosas veciñas e veciños soportan indefensos a lacra do desemprego.

Polo exposto e coa xustificación referida propónse que se realicen no orzamento do ano 2013 as seguintes modificacións orzamentarias, pola vía do suplemento de crédito e con cargo a remanentes de exercicios orzamentarios anteriores, do xeito seguinte:

OUTROS SERVIZOS DE BENESTAR COMUNITARIO.

a) Transferencias de capital aos concellos

A estas accións e actuacións vanse dedicar uns 2.884.500 € xa que a situación agónica, nalgúns casos, na que se encotran os concellos, pola importante redución dos ingresos, aconsella esta achega de fondos para a realización de investimentos en servizos de carácter municipal. O obxectivo é que aqueles redunden en mellorar a vida diaria dos habitantes desta provincia e mover a actividade económica dos municipios, en moitos casos paralizada por unha dinámica de pesimismo estrutural, que carece de toda xustificación. A Deputación debe erguerse en locomotora da actividade dos Concellos da provincia, cavilando no problema demográfico e no territorio.

b) Transferencias de capital as familias e institucións sen fins de lucro.

A esta finalidade atribúese a contía de 200.000 € xa que a redución de ingresos que están a soportar todas as administracións públicas, e que esixe unha paralela redución de gastos, repercute automaticamente en familias e institucións sen fin de lucro que en moitas ocasións teñen nas aportacións da institución provincial o seu único medio de financiación dos seus investimentos. O desenvolvemento da súa actividade resulta fundamental para o tecido asociativo da provincia, cerne do rol que ha de xogar a sociedade civil; olvidar este tecido asociativo implicaría reducir ao mínimo a súa capacidade de subsistencia, coa perda consecuenta, en moitos casos, dun capital humano e organizativo que leva moitos anos formándose. Sobran argumentos para entender a conveniencia e oportunidade de achegar, coa maior celeridade, os medios económicos que posibiliten o investimento neste sector; debe valorase positivamente a especial implicación no fomento e uso das novas tecnoloxías por este tecido asociativo, que entendeu a potencialidade deste sector das TIC. Para que continúen coa súa actividade, evitando cando menos máis desemprego e animados pola súa creación, debemos actuar con urxencia, sen agardar a exercicios posteriores.

c) Transferencias correntes a entidades locais.

Propóñese destinar a estas actuacións unha cantidade de 680.000 €. Os razoamentos que xustifican a modificación proposta neste apartado son os subliñados no apartado A) precedente e que alude a situación económica na que están espetados os nosos concellos. Antes fixemos referencia a necesidade de investir. Esa mesma situación prodúcese no que atinxe ao gasto corrente. Redobrarase o esforzo de colaboración cos concellos para axudarlles no gasto corrente, de maneira que sosteñan moitas das súas actividades ordinarias das que fan uso e disfrutan os veciños e veciñas. Estas accións directamente vencelladas a actividade cotián dos concellos non admite esperar. Ou se implementan recursos ou se suspenden aquelas actividades cotiáns. Velaiquí que non se podan adiar. A urxencia resulta plenamente xustificada.

d) Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

Vaise asignar a estas aplicacións unha cantidade 950.000 €. Voltamos a reiterar a xustificación dada no punto de transferencias de capital a familias e institucións sen fin de lucro. Se os investimentos son necesarios, tan acuciantes son os gastos correntes. A axuda a afrontar os gastos de funcionamento de familias e institucións deveña inminente. A inquietude lévanos, se somos mínimamente sensibles e cremos na actividade do sector público, a actuar con



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

inmediatez para afrontar as necesidades máis perentorias, sen posibilidade de demorar a incorporación de recursos dispoñibles, en pro de familias e institucións sen fins lucrativos.

- e) Inversións xestionadas para a administración local.

Preténdese destinar a esta actuación unha cantidade de 50.000 € coa finalidade de investir nos municipios directamente pola Deputación Provincial, co consentimento dos Concellos. A xustificación é a mesma que a explicitada no apartado A) sobre Transferencias de Capital aos concellos. Deste xeito incrementase a colaboración con investimentos nos Concellos pero doutra forma. Neste caso é a propia Deputación a que se encarga de facer os investimentos, empregando os seus recursos humanos e de organización para afrontar con axilidade actuacións intensamente demandadas, descargando aos propios Concellos de carga administrativa. Outra vez máis a urxencia do proceder implica que non se demore a implementación destas medidas ata o ano 2014. Non debemos perder oportunidades.

SOCIEDADE URBANÍSTICA

- a) Transferencias de capital

Vaise asignar a esta aplicación unha cantidade de 100.000 € destinados á inversión nas propiedades da Sociedade Urbanística, entendéndose que é prioritaria esta actuación pola necesidade de manter o patrimonio nas debidas condicións de utilización e conservación, e é preciso acometer actuacións urxentes postas de manifesto no presente exercicio presupostario que non permiten adialas a exercicios posteriores.

VÍAS PÚBLICAS

- a) Inversións xestionadas para a administración local

A redución de ingresos nos concellos da provincia de Lugo, que se ve incrementada un ano máis, pola redución das aportacións doutras administracións públicas fai que, pese a que este tipo de investimentos aos concellos sempre teñen un carácter prioritario nos orzamentos elaborados por este equipo de goberno, sexa preciso facer un esforzo adicional para colaborar cos concellos da provincia na realización de investimentos que fagan mellorar a calidade de vida dos cidadáns e que se complementen co xa moi importante esforzo investidor da Deputación pero que se considera que son actuacións urxentes e que non se poden adiar a exercicios posteriores, asignándose para este fin unha cantidade de 950.000 €.

ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

A aposta pola educación que fai a Deputación de Lugo é de todos coñecida, como coñecida é, igualmente, a colaboración permanente coa Universidade de Santiago de Compostela, en especial co Campus de Lugo. A vocación Universitaria da nosa provincia, non ten dúbida algunha. A Deputación considera necesario facer actuacións, que xa deron lugar á firma dun protocolo coa USC, destinadas a potenciar a actividade da Universidade, non só no ámbito da investigación, se non tamén facendo un esforzo na colaboración para que a nosa oferta universitaria sexa atractiva aos ollos dos estudantes. Estas actuacións teñen un marcado carácter urxente, que non permite adiala a exercicios posteriores e vanse destinar ás mesmas unha coantía de 560.000 euros.

PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE

Continuando na liña de potenciación dos recursos naturais da provincia é preciso investir nas instalacións destinadas a tal fin, de forma que se preste un correcto servizo os cidadáns e que o patrimonio da Deputación de Lugo esté nas correctas condicións de uso e utilización. Para este

fin, que polo seu carácter urxente non se pode adiar a exercicios posteriores, adócase unha cantidade de 250.000 euros.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO que se faga modificación orzamentaria do orzamento da Deputación provincial de Lugo, para o ano 2014, vía suplemento de crédito e con cargo a remanentes de exercicios anteriores de acordo co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	COANTÍA
Outros servizos de benestar comunitario	
- Transferencias de capital a concellos	2.684.500 €
- Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro	200.000 €
- Investimentos xestionados para a administración local	50.000 €
- Transferencias correntes a entidades locais	680.000 €
- Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	950.000 €

DENOMINACIÓN	COANTÍA
Sociedade Urbanística	
- Transferencias de capital	100.000 €
Vías Públicas	
- Investimentos xestionados para a Administración Local	950.000 €
Ensinanzas universitarias	
- Transferencias correntes a familias e institucións sen fin de lucro	560.000 €
Protección e mellora do medio ambiente	
- Edificios e outras construcións	250.000 €

Lugo a 23 de xullo de 2014

O PRESIDENTE,

Asdo.- José Ramón Gómez Besteiro



PROPOSTA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA RELATIVA AO INICIO DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORZAMENTO DE 2014 A FIN DE DESENVOLVER DIFERENTES ACTUACIÓNS NAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL E DEPORTE E CULTURA E TURISMO

Desde a Vicepresidencia Primeira da Excm. Deputación de Lugo considerouse oportuno dar instrucións para desenvolver o tramite de diversos expedientes que nas circunstancias e conxuntura económica e social actual se consideran urxentes e prioritarios para o fortalecemento e mantemento do benestar social, e así mesmo, o pulo do investimento produtivo en ámbitos e sectores que neste momento de fonda crise económica poden supoñer para os veciños e veciñas dos concellos lucenses un reforzamento da cobertura das necesidades de todo o tecido social e por extensión de recuperación e asentamento da estrutura das economías locais.

As Áreas de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade e Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico, respectivamente, para o cumprimento das súas respectivas competencias, e tendo en conta a situación económica da sociedade lucense á que antes se aludía , consideran preciso fixar e definir as súas prioridades orzamentarias.

Así mesmo, as circunstancias socioeconómicas actuais obrígnanos a redefinir as prioridades de actuación, dándolles preferencia a aquelas que incidan no mantemento da cobertura das políticas de benestar social, apostando por establecer como prioritarias actuacións e investimentos no ámbito do mantemento do benestar e do fomento de creación de emprego, dándolles preferencia tamén a aquelas que incidan no mantemento e no apoio ao tecido social e cultural de base, aquel que desenvolven as asociacións, pero tamén os concellos da provincia de Lugo.

